

POLÍTICA ENERXÉTICA
Instituto Enerxético de Galicia

A dirección do Inega, consciente da importancia da **eficiencia enerxética** e do respecto e protección do medio ambiente así como do uso responsable dos recursos naturais, dispón dun *Sistema de Xestión Enerxética* eficaz e adecuado ás necesidades dos seus servizos xerais e de mantemento do edificio da súa sede social, que constitúe o marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos e as metas enerxéticas.


O Inega, por tanto, comprométese a desenvolver a súa Política Enerxética como declaración das súas intencións e principios e como marco global para o establecemento e revisión duns **obxectivos de mellora do uso e demanda da enerxía**, que servirán para definir a dirección na que se deben orientar os esforzos da organización no ámbito do seu desempeño enerxético.

A consecución destes obxectivos deberá ser conforme cos seguintes compromisos ou directrices xerais:

- Utilizar a mellora continua como norma de conduta e como reto ilusionante para todos, baseada nunha adecuada planificación, realización, verificación e revisión do sistema implantado
- Integrar o compromiso de cumprimento da lexislación, regulamentación e normativa enerxética aplicable e outros requisitos subscritos, e o consumo moderado de enerxía nas nosas actividades co obxecto de asegurar as actuacións adecuadas de aforro e xestión enerxética.
- Dar a coñecer a política xestión enerxética a todo o persoal do Instituto á vez que se favorece a comunicación externa, transmitindo ás partes interesadas, os nosos compromisos, obxectivos e metas, así como o grao de cumprimento dos mesmos, mantendo esta política actualizada e a disposición, como elemento da transparencia das nosas actuacións.
- Fomentar a competencia, a motivación e a formación de todo o persoal do Instituto para que exerzan as súas actividades dunha maneira eficiente en canto ao uso e demanda da enerxía, sendo un factor crave na consecución dos nosos obxectivos.
- Apoiar a adquisición de produtos e servizos enerxéticamente eficientes.

Todo iso impulsado desde a dirección, recoñecendo a responsabilidade que nos corresponde de alcanzar unha mellora no noso desempeño enerxético e con iso asegurar un funcionamento do Inega acorde cos principios de desenvolvemento económico sustentable

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2013


Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia